

A COMISION DELEGADA DO HOSPITAL DE VERIN ALERTAMOS DO DESMANTELAMENTO QUE ESTA SUFRIR O HOSPITAL COMARCAL.

Como xa denunciarnos reiteradamente, os representantes dos traballadores do Hospital de Verín queremos informar a poboación e os medios de comunicación para que sexan coñecedores do proceso de desmantelamento e privatización da sanidade que esta a padecer a Comarca.

A poboación de referencia do Hospital de Verín está a sufrir unha merma clara das prestacións sanitarias que por dereito debemos poder recibir, e pomos exemplos claros do que está a suceder:

Nas Unidades de Hospitalización: As plantillas de persoal, Auxiliares de enfermmería, Celadores, Enfermería están moi por debaixo dos mínimos de calidade e seguridade recomendados, facendo que un profesional teña que atender ata mais de trinta doentes no tramo nocturno, provocando dita situación unha merma na calidade asistencial que se lle ofrece o doente.

No Servizo de Traumatoloxía: Os doentes están a padecer a anulación das consultas e derivación a clínicas privadas para operacións que deberían ser realizadas dentro da carteira de servizos de este Hospital, dito servizo estaba composto con catro traumatólogos, solicitando que aumentaran o quinto xa que había unha clara necesidade para dar cobertura a todos os doentes que xa así eran derivados a privada, e dende xuño ata agora atopamos a realidade de que soamente quedan dous, e con total seguridade que nun par de meses so quedará un profesional.

A xerencia anúncianos que a solución que aporta dita situación e que vai a utilizar médicos dunha **empresa privada** para realizar a atención no Hospital, baixo a figura de "**autorización de uso**".

No servizo de Radioloxía, Xa se realizan tanto probas coma informes mediante empresas privadas, xa que o servizo carece dos Profesionais Radiólogos necesarios para atender toda a actividade actual.

Hospitalización a Domicilio(HADO)e Paliativos: HADO Tantas veces anunciado en campaña electoral, segue a ser iso, unha promesa electoral. O servizo de Paliativos Quedou desmantelado dende fai un par de anos cando reduciron profesionais do servizo de medicina interna o non dar cobertura a xubilación de un profesional, pero sen embargo aumentaron a poboación que pode ser atendida no hospital de Verín doentes de Xinzo de Limia e de toda alta Sanabría facendo isto a imposibilidade de dar prestación o servizo de paliativos dita perda provoca que a poboación da comarca non poida recibir unha atención digna e adecuada as necesidades dos doentes.

O Servizo de Pediatría Hospitalaria: segue sen estar dotado, cada vez máis palpable é a situación de desmantelamento, xa que nos últimos meses determinados días deriváronse a Ourense os partos e cesáreas, por falta de cobertura de Profesionais.

Nas consultas Externas citan ata dous doentes a mesma hora, práctica que ademais das grandes demoras e incomodidade para a xente, fai que os profesionais traballen cunha enorme presión e se facilite que poidan cometer máis erros. En rehabilitación a infradotación de profesionais, tanto médicos rehabilitador, coma de fisioterapeutas, tradúcese nunhas listaxes de espera de ata cinco meses para unha primeira consulta.

A atención primaria, outra perxudicada por os recortes en profesionais con contratacións a media xornada o ausencia dos mesmos, esta a provocar unha sobrecargas de traballo dos profesionais coa merma na calidade asistencial e as correspondes listas de espera para atención os doentes.

Outra vertente das privatizacións, que non deixa de ser indicativo pese a non ter impacto sanitario directo, senón en canto ao confort dos doentes ingresados no Hospital, é a medida de retirar as televisións gratuítas das habitacións, que se mercaran aínda fai pouco tempo, e substituílas por outras de pago, facendo máis penoso se cabe o padecemento do ingreso.

Queremos alentar a toda a poboación coma aos profesionais da saúde do claro desmantelamento e derribo da sanidade pública na comarca de Verín, por unha xestión pésima dos recursos sanitarios por parte da consellería de sanidade.

Reunidos os profesionais acordamos facer paros en sinal de protesta todos os mércores do mes as 12 horas da mañá con unha concentración na porta principal do Hospital, invitando a todos os profesionais e poboación da Comarca a participar en dito acto, solicitaremos tamén unha reunión co Conselleiro de Sanidade, e ademais de participar na manifestación do día 24 en Ourense como representación do Hospital de Verín, promoveremos amplias accións de protesta e mobilizacións nas seguintes datas.

En Verín a 21 de xaneiro de 2018